

IDEAS
PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
20 OUTUBRO 2024

Subir ou servir?

1. VER: Quero ser o mellor

- Fano no debuxo deste domingo preséntanos un podio lembrándonos como nos gusta a competitividade, ser os primeiros en todo, gañar os demais, triunfar, mandar nos outros... E isto non só cando nos enfrentamos no deporte senón tamén na vida diaria.

*En que che gusta ser o primeiro?
Que será o primeiro para Xesús?*

2. XULGAR: Subir ou servir para Xesús

- No evanxeo, Xesús di aos apóstolos que querían acaparar os primeiros postos: ***“o que queira ser grande, sexa o voso servidor”***. E lémbbralles que el veu non a ser servido senón a ***“servir e dar a vida”***.

QUE NOS QUERE DICIR?

- Os apóstolos Xoán e Santiago queren ocupar os **primeiros postos** no Reino, queren ser os máis importantes.
- Xesús dilles que **el non veu** ter palacios, a mandar nin a que o sirvan. **El veu servir**, a dar, incluso a vida. Iso é o

que haberemos de facer os seus amigos hoxe, tamén a Igrexa que formamos todos.

- Xesús sempre nos ensina co seu exemplo. El sabe que unha das cousas que máis dividen a xente é a procura de poder, subir. Por iso el ensínanos a **baixar**, é dicir a **SERVIR**.
- **Servir** é poñernos ao dispor do outro, axudalo, pensar máis nos outros e menos en min. E isto vivilo na familia, o colexio, o traballo, a comunidade...
- No debuxo é bonito que Fano colocase a Xesús no terceiro (mundo) posto do podio. No día do **DOMUND**, os misioneiros móstrannos que estar ao **servizo dos pobres nos “abaixa” pero ao mesmo tempo agranda o amor que Xesús nos brinda a través das súas vidas.**

*Que nos ensina este evanxeo?
En que es servizal?*

3. **ACTUAR: Nunca “fóra de servizo”**

- Dialogade se estades “fóra de servizo” ou “en servizo permanente”.
- Pensamos que pequenos servizos podemos ofrecer ao noso ao redor.
- Envía unha mensaxe a persoas que che están servindo, agradécelles o que fan por ti...
- Visitade a Delegación de Misións e escribídelles a algún misioneiro, coñecedo o que fai. Rezamos esta semana polas misións e aforramos un pouco para algún proxecto misioneiro.

Que imos facer?

LECTURAS

ISAÍAS 53, 10-11: *Ao entregar a súa vida como expiación, verá a súa descendencia, prolongará os seus anos.*

O Señor quixo trituralo co sufrimento, e entregar a súa vida como expiación: verá a súa descendencia, prolongará os seus anos, o que o Señor quere prosperará pola súa man.

Polos traballos da súa alma verá a luz, o xusto saciarase de coñecemento.

O meu servo xustificará a moitos, porque cargou cos crimes deles.

Palabra do Señor.

SALMO 32 R/.

Que a túa misericordia, Señor, veña sobre nós, como o esperamos de ti.

HEBREOS 4,14-16: *Acheguémonos con seguridade ao trono da graza.*

MARCOS 10, 35-45 (forma longa): *O Fillo do home veu a dar a súa vida en rescate por moitos.*

<p>Narrador: Naquel tempo, achegáronse a Xesús os fillos de Zebedeo, Santiago e Xoán, e dixéronlle:</p>
--

Santiago: -«Mestre, queremos que nos fagas o que che imos pedir».

Narrador: Preguntoulles:

Xesús: -«Que queredes que faga por vós?».

Narrador: Contestaron:

Xoán: -«**Concédenos sentarnos na túa gloria un á túa dereita e outro á túa esquerda**».

Narrador: Xesús replicoulles:

Xesús: -«Non sabedes o que pedides, podedes beber o cáliz que eu hei de beber, ou bautizarvos co bautismo con que eu me vou bautizar?».

Narrador: Contestáronlle:

Xoán: «Podemos».

Narrador: Xesús díxolles:

Xesús: -«O cáliz que eu vou beber beberédelo, e seredes bautizados co bautismo con que eu me vou bautizar, pero o sentar á miña dereita ou á miña esquerda non me toca a min concedelo, senón que é para quen está reservado».

Narrador: Os outros dez, ao oír aquilo, indignáronse contra Santiago e Xoán. Xesús, chamándoos, díxolles:

Xesús: -«Sabedes que os que son recoñecidos como xefes dos pobos os tiranizan, e que os grandes os oprimen. Non será así entre vós: **o que queira ser grande entre vós, que sexa o voso servidor; e o que queira ser primeiro, sexa escravo de todos. Porque o Fillo do home non veu a ser servido, senón a servir e dar a súa vida en rescate por moitos**». Palabra do Señor.

(Narrador- Santiago – Xesús - Xoán).